

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DOS XUROS DE DEMORA E XUROS LEGAIS CORRESPONDENTES Á DIFERENCIA DO PREZO XUSTO RETAXADO DA PARCELA NÚMERO 1 AFECTADA POLO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA CON MOTIVO DAS OBRAS PARA A "SUPRESIÓN DO PASO A NIVEL DE RENFE NO P.K. 432/700 LIÑA PALENCIA-A CORUÑA, EN PARADAI, NO TÉRMINO MUNICIPAL DE LUGO".

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 8-2022, por un importe total de 73.285,67 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2022, para dar cobertura aos xuros de demora e xuros legais correspondentes á diferenza do prezo xusto retaxado da parcela número 1 afectada polo expediente de expropiación forzosa con motivo das obras para a "Supresión do paso a nivel de RENFE no P.K. 432/700 liña Palencia-A Coruña, en Paradai, no término municipal de Lugo", ascendente aos seguintes importes:

- Xuros legais: 18.744,64 €
- Xuros de demora. 69.541,03 €

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal núm: 707/2022 de día 30.04.2022, así como RCMOD núm: 30958/2022 de día 29.04.2022, por importe total de 73.285,67 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 73.285,67 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
16210.22799	73.285,67 €	15100.35200 15100.60001	22XX00038	54.541,03 € 18.744,64 €

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac842877357838869671.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 8-2022 Xuros legais e demora Renfe

TOTAL CRÉDITO CEDIDO	73.285,67 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		73.285,67 €
-------------------------	-------------	--------------------------------	--	-------------

Segundo. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.